

VARIETADES DIALECTAIS DO GALEGO.

Exercicios autoavaliabes (1)

Os movementos asociativos no campo

5 I1: Papá, hai un momentín falaba de que, tábandedes gravando en, Porzún. Concretamènte Porzún è un barrio de, da parròquia de Piäntôn. È unha zona rural, bastante más promocionada que algunhas outras de, de Asturias è incluso tamèn de Galicia; però que, a pesar de todo tèn inda muito que superar i tèn muitos problemas. Ta afortunadamènte despertando un pouco a xènte, però, falta muito inda camín que andar. Non hai telèfono, non hai, mentalidá na xènte en, en cuestión de agrupaciòis, de traballar en comunidá; algunhas èsisten, però non, sòn precisamènte unhos mòdèlos, non. Despois, hai bastantes chavales, 10 escolarizados desde luègo todos, però, perdôn, desde lougo todos, però, con un nivèl en kheneral cultural bastante baxo. I non sei, non se me òcurre nada más.

15 Esisten aquí nel puèblo unhas agrupaciòis, que tan encaminadas a ser a pauta pra irse mellorando. Hòi, hai unha de cuatro vecíus, que pòde poñer camín de cèn vacas, si lles axudan, el Estado, Òrdenación Rural i Estènsiòn Agraria; i esos elemèntos, el Estado con crêditos, Ordenación Rural reparándolle os camíus i, Estènsiòn Agraria, con servicios ténicos... Teño que 20 reconocer que eghtos servicios, i eght(os) que vaian facèndo estas agrupaciòis, melloran un pouco, anque sòlo seña, a situación das mullères nes[e], nel campo laboral; porque, as mullères tando os hòmes, agrupados, non tein que salir al campo, dedícanse, ás faenas da casa, pròpias da mullèr i del hogar, i-atender 25 aus nenos. Os hòmes bastan pra cuidar, lo mismo veinte vacas que cèn, i-as mullères, tan un pouco máis dinificadas nel traballo.

- 1.- Comenta as características dialectais máis importantes presentes no texto anterior.
- 2.- Localízao no seu bloque e área lingüística correspondente a partir desas características. Distingue ben cales son as características do bloque e cales son as características da área lingüística.
- 3.- En que parte do territorio lingüístico galego se poden encontrar as formas como *muito*, con ditongo *ui*?

4.- Consideras que se pode falar de dialectos dentro do galego?

5.- Cales son os criterios que se utilizan para clasificar unha variedade lingüística como lingua ou como dialecto?

RESPOSTAS

1.- Comenta as características dialectais máis importantes presentes no texto anterior.

No texto obsérvanse numerosos fenómenos de natureza dialectal, como é normal en todo tipo de textos orais espontáneos. A nivel fonolóxico, o que máis destaca é a ausencia de gheada e seseo, dous fenómenos moi presentes nas falas galegas (sobre todo, o primeiro deles). As características máis salientables neste aspecto son o mantemento do grupo latino *QUA* (*cuatro*, liñas 16-17), a redución do grupo *-aix-* a *-ax-* (*baxo*, liña 12) e a presenza do ditongo *ui* nos casos en que o ditongo procede dos grupos latinos *ULT* e *UCT* (*muitos*, liña 5; *muito*, liña 7).

A nivel morfolóxico, a principal característica é a formación de plural das palabras rematadas por vogal seguida de *n* cun ditongo decrecente (*agrupaciois*, liña 8; *vecius*, liña 16); a terminación *-ín* en lugar de *-iño*, tanto cando é diminutivo (*momentín*, liña 1), como cando non o é (*camín*, liña 16); o emprego da forma de plural *lles* (liña 16), que en gran parte de Galicia non existe; o emprego do artigo masculino *el* (liña 16), tamén contraído con preposicións (*nel*, liña 14; *al*, liña 23; *del*, liña 24); e, por último, os plurais dos demostrativos coa terminación *-os* (*esos*, liña 17; *estos*, liña 20).

2.- Localízao no seu bloque e área lingüística correspondente a partir desas características. Distingue ben cales son as características do bloque e cales son as características da área lingüística.

O texto pertence ao bloque oriental. Presenta o trazo lingüístico que caracteriza este bloque: a formación dos plurais das palabras rematadas por vogal seguida de *n* cun ditongo decrecente (*agrupaciois*, liña 8; *vecius*, liña 16). Outras características propias deste bloque son o mantemento do grupo latino *QUA* (*cuatro*, liñas 16-17), que tamén pode aparecer no sur do bloque central e na subárea do Miño da área pontevedresa do bloque occidental; a redución do grupo *-aix-* a *-ax-* (*baxo*, liña 12); a presenza do ditongo *ui* nos casos en que o ditongo procede dos grupos latinos *ULT* e *UCT* (*muitos*, liña 5; *muito*, liña 7); e, por último, a presenza da terminación *-ín* en lugar de *-iño* (*momentín*, liña 1; *camín*, liña 16).

Dentro do bloque oriental, podemos incluílo na área asturiana a partir de seguintes características exclusivas desta área, como a presenza do artigo masculino *el* (liña 16), tamén contraído con preposicións (*nel*, liña 14; *al*, liña 23; *del*, liña 24) e os plurais dos demostrativos coa terminación *-os* (*esos*, liña 17; *estos*, liña 20). Son tamén propios desta área a acentuación aguda de *peró* en lugar de *pero* (liña 7) e os adverbios *lougo* e *hoi* en lugar de *hoxe* e *logo* (liñas 11 e 15).

3.- En que parte do territorio lingüístico galego se poden encontrar as formas como *muito*, con ditongo *ui*?

O ditongo *ui* en lugar de *oi* pode aparecer como unha evolución dos grupos latinos *ULT*, *OCT*, *UCT* e *ORIU*. As palabras latinas que presentan estes grupos transformáronse de xeito diferente na formación do galego, segundo os territorios. O máis habitual é que en todos eses casos apareza o ditongo *oi*. Así, por exemplo, as palabras latinas *multum*, *noctem*, *tructam* e *corium* convertéronse, respectivamente, en *moito*, *noite*, *troita* e *coiro*. Pero na subárea do Xallas da área fisterrá convertéronse en *ui* (e alí dise *muito*, *nuite*, *truita* e *cuiro*); no galego oriental,

alternan o ditongo *oi* (*noite* e *coiro*) co ditongo *ui* (*muíto*, *truíta*), ás veces monotongado (*mutu*, *truta*) ou con alteración da posición do *i* (*mutío*, *trutia*); e, por último, nas subáreas do Verdugo e do Miño da área pontevedresa, alternanse tres ditongos: *oi* (*noite*), *ui* (*muíto*, *truíta*) e *ou* (*couro*).

4.- Consideras que se pode falar de dialectos dentro do galego?

Non. A pesar de que algunha das primeiras clasificacións dialectais do galego empregaba este termo (a de Saco e Arce, en 1868), non é apropiado falar de dialectos para referírmonos ás súas variedades dialectais. En contra dunha certa crenza popular de que se encontra moi fragmentado xeograficamente, pódese afirmar que hoxe en día o galego presenta unha unidade maior que a maioría das linguas. As diferenzas existentes entre unhas zonas e outras non van máis alá dalgúns trazos fonolóxicos (gheada, seseo e pouco máis), morfolóxicos (sobre todo na conxugación verbal e nos pronomes) e léxicos, de non demasiada relevancia. Por tanto, son preferíbeis denominacións como as empregadas por Carvalho Calero (*modalidades de lingua*) ou por Fernández Rei (*bloques e áreas lingüísticas*).

5.- Cales son os criterios que se utilizan para clasificar unha variedade lingüística como lingua ou como dialecto?

Na consideración dunha determinada variedade lingüística como lingua ou como dialecto, interveñen moitos factores de tipo extralingüístico (sociais, culturais e políticos) que resultan determinantes: considéranse habitualmente linguas aquelas que ofrecen un alto grao de estabilidade interna (fronte a unha excesiva fragmentación interna ou rustización), que posúen unha norma estándar unificadora, unha tradición literaria, un número de falantes relativamente grande e uns límites xeográficos ben delimitados. Contribúe ás veces o feito de que sexan faladas por unha comunidade politicamente independente ou de que teñan consideración de linguas oficiais. Como vemos, son criterios cuxa aplicación é ás veces problemática dentro da complexa casuística das linguas. En ocasións, inflúen tamén criterios socio-psicolóxicos, como a conciencia dos falantes de estaren a falar unha lingua ben diferenciada e identificadora da súa comunidade. O prestixio social da variedade lingüística tamén é un factor a ter en conta. Normalmente a consideración social do dialecto é pexorativa. Concédesele só validez para a comunicación oral dunha determinada comunidade: para usos de maior prestixio acódesese ao emprego doutra variedade lingüística mellor valorada.